



DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL DENOMINADO “MAIV GARANTÍA XUVENIL 2024” (EXPT 424/14).-

Visto informe xurídico - proposta da Secretaria da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo de data 6.09.2024 do que resulta:

“ANTECEDENTES

En data 25.03.2024, a Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo solicitou ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e 2025, unha subvención para o financiamento do proxecto denominado MAIV Garantía Xuvenil 2024”.

En data 02.08.2024, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración mediante Resolución do 29 de xullo de 2024 comunicou a Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo a concesión dunha subvención por importe de 438.603,20 euros para o financiamento do proxecto.

En data 3.09.2024 incoouse expediente conforme á Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024) e Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-2025 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 15/07/2024 o expediente de selección do seguinte persoal

- 1 Director/a do proxecto: xornada completa
- 1 Experto/a docente para a especialidade de deseño gráfico e produtos multimedia: xornada completa
- 1 Experto/a docente para a especialidade de xestión e dinamización de empresas: xornada completa.
- 1 Administrativo/a: media xornada

Consta no expediente proposta das bases reguladoras específicas para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do programa de emprego para persoas mozas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 1 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



incluídas no sistema nacional de garantía xuvenil denominado “MAIV garantía xuvenil 2024” asinada pola responsable do Servizo de Promoción Económica en data 4.09.2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP).
- Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-
- Lei 7/1985, do de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL
- Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- O proxecto “MAIV Garantía Xuvenil 2024” é un programa de emprego que ten como obxectivo dar emprego e cualificación a un total de 16 persoas (alumnado-traballador), mellorando as súas posibilidades de inserción laboral, nas dúas especialidades seguintes:

- Deseño gráfico e produtos multimedia (que inclúe a formación nos certificados de profesionalidade ARGG0110 Deseño de produtos gráficos e IMSV0209 Desenvolvemento de produtos multimedia interactivos).
- Xestión e dinamización de empresas (que inclúe a formación nos certificados de profesionalidade ADG0210 Creación e xestión de microempresas e SSCB0109 Dinamización comunitaria).

Este proxecto enmárcase dentro dos Programas de Activación do Emprego regulados no Real Decreto 818/2021, de 28 de setembro. Respecto a competencia municipal en dita materia a Disposición adicional duodécima relativa a Participación das entidades de carácter local nos programas de políticas activas de emprego determina:

“1. As entidades locais poderán participar nos programas comúns ou propios de políticas activas de emprego, no marco das convocatorias de subvencións ou instrumentos análogos realizados polos servizos públicos de emprego, autonómicos ou estatal.

2. Para que desenvolvan os seus propios programas de políticas activas de emprego requirirase, en todo caso, informe previo e favorable do servizo público de emprego correspondente, no marco do disposto no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de o 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 2 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Neste senso os Estatutos da MAIV determinan no seu artigo 6 que a Mancomunidade terá por obxecto e, entre outras, a finalidade de fomento do desenvolvemento dos concellos que compoñen a Mancomunidade, realizando as peticións e xestións coas diferentes Administración competentes e tódalas materias en xeral que poidan ser comúns aos concellos que compoñen a mancomunidade.

Así mesmo respecto a modificación da LRBEL efectuada pola LRSAL, cómpre sinalar que no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL no su artigo 3.d) determina, en particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias, “a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo con o artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención”

É por isto que, no que atinxe ás competencias «impropias», isto é as sinaladas no artigo 7.4 da LRBRL, e que as mancomunidades puideran estar exercendo no momento da entrada en vigor da LRSAL, debemos entender que é de aplicación o establecido no artigo 3 da Lei 5/2014; de xeito que non se consideraría nova competencia a continuidade do servizo xa establecido.

SEGUNDO.- A cláusula 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024) atribúe a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo como entidade promotora a selección do persoal formador, directivo e de apoio participante no programa “ MAIV Garantía Xuvenil 2024”.

Son empregados públicos quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses xerais. Conforme ao artigo 8.2.c) do TREBEP os empregados públicos clasifícanse, entre outros, en persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal. Concretamente, constitúe persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

En canto á natureza das funcións, cabe destacar que con carácter xeral os postos serán desempeñados por funcionarios públicos tal e como sinala o artigo 92.2 da LRBRL << Con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local e os seus Organismos Autónomos serán desempeñados por persoal funcionario >> e artigo 22.3 da Lei de Emprego Público de Galicia, de forma que o persoal laboral terá carácter residual. Non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 3 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



obstante o artigo 26.3 da Lei de Empregado Público de Galicia determina que poderán desempeñarse por persoal laboral temporal ao posto de natureza permanente.

El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

Neste senso a contratación do persoal proposto está vinculado ao proxecto “MAIV Garantía Xuvenil 2024” e formalizarase a través a da modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral conforme o disposto na disposición adicional da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, en relación aos contratos vinculados a programas de activación para o emprego determina “1. *As administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses*”.

Con esta Disposición final, introduciuse un novο modelo de contrato temporal distinto as modalidades ás que fai referencia ao artigo 15 del TRLET. Segundo a dita disposición, a contratación proposta de duración determinada está vinculada a un programa de activación para o emprego, “MAIV Garantía Xuvenil 2024”, cun límite temporal de doce meses.

TERCEIRO.- O artigo 15.2 da Orde do 12 de abril de 2023, establece tamén que “*calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas mesmo cando a entidade promotora sexa unha entidade pública. Neste último caso, o persoal formador, directivo e de apoio e as persoas mozas seleccionadas non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.*”

Segundo as bases de selección propostas a Mancomunidad de Vigo utilizará o sistema de oferta de emprego tramitada na oficina de emprego correspondente ao domicilio da MAIV (artigo 13 da Orde do 12 de abril de 2023). Non obstante, no caso de non contar cun mínimo de tres persoas por posto poderá realizarse convocatoria pública.

As bases propostas axústanse ao establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024 e instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-2025 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 15/07/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 4 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CUARTO.- Con data 02/08/2024, recíbese Resolución de concesión de subvención da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 29 de xullo de 2024, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 438.603,20 €, para a realización do Programa de emprego denominado “MAIV Garantía Xuvenil 2024” (Nº de expte. 36/00011/24), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e dos gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado traballador nas especialidades formativas presentadas no proxecto (“Deseño gráfico e produtos multimedia - ARGG0110 e IMSV0209 e “Creación e xestión de empresas - ADG0210 e SSCB0109”), e que permitirá a contratación de 16 alumnos/as-traballadores/as e un equipo directivo composto por 1 director/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docentes.

Da cantidade global da subvención concedida (438.603,20 €), un total de 153.907.20 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 284.696,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no Programa de Emprego.

O procedemento de xeración de crédito da subvención concedida tramitouse en expediente incoado a tal efecto pola Concelleira delegada da Mancomunidad de Vigo (expte. 424/14).

QUINTO.- O órgano competente para a aprobación das bases é o Presidente conforme ao artigo 17 dos Estatutos en relación co artigo 21.1.g) de la LRBRL, se ben ditas facultades están delegadas na concelleira membro da Mancomunidad, Patricia Rodríguez Calviño (Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de Competencias, BOPPO núm. 149 do 3 de agosto de 2023).

E por isto polo que se formula a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección do EQUIPO DIRECTIVO (1 Director/a do proxecto: xornada completa; 1 Experto/a docente para a especialidade de deseño gráfico e produtos multimedia: xornada completa; 1 Experto/a docente para a especialidade de xestión e dinamización de empresas: xornada completa; 1 Administrativo/a: media xornada, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 120.115,20 euros € con cargo á subvención concedida.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 5 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución”.

En data 11.09.2024 emitíuse informe de fiscalización favorable da Intervención da Mancomunidade.

Polo exposto, esta Concelleira en uso das facultades atribuídas por Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de competencias, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección do EQUIPO DIRECTIVO (1 Director/a do proxecto: xornada completa; 1 Experto/a docente para a especialidade de deseño gráfico e produtos multimedia: xornada completa; 1 Experto/a docente para a especialidade de xestión e dinamización de empresas: xornada completa; 1 Administrativo/a: media xornada, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG nº 39 do 23 de febreiro de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 120.115,20 euros € con cargo á subvención concedida.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución”.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A Técnica da MAIV
Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)

A Concelleira, Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de Competencias, BOPPO núm. 149 do 3 de agosto de 2023).

Dou fe, a Secretaria da MAIV, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 6 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MAIV
MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

ASINADO POR: GONZALEZ SALCEDA MARIA LOURDES - 78715972R 12/09/2024 12:28:56 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - (PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO) 12/09/2024 13:04:56 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - (SUSANA GALLARDO FARINA) 12/09/2024 13:07:59

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2024 15:22	Páxina 7 de 7
424-14	CSV: A9A95C-5143C3-EA2FCF-FY87YY-U5RTZR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		